


UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS ORIENTAIS

Neste apartado incluímos a serras que van desde o río Eo até A Mezquita, no linde con Portugal. Son unha serie de aliñacións montañosas con distintas direccións que conectan nas súas estribacións coa Cordilleira Cantábrica. Ocupan unha gran superficie das zonas orientais de Lugo e Ourense. Neste sector é onde se atopan as máximas alturas de Galiza, con numerosos cumes que se achegan aos 2.000 m e que culminan en pena Trevinca, con 2.124 m. Os materiais son variados: lousas, cuarcitas, calcárias, granitos...

A flora é moi diversa con especies de penetración cantábrica no norte e centro e máis tipicamente mediterráneas na parte sur.



SERRA DO POUSADOIRO

O punto máis alto é o alto do Pousadoiro, con 666 m. No val do río Torto houbo abundantes ferrerías.

En Ferreiravella hai un parque etnográfico.

Accedese desde Riotorto, A Pontenova ou desde a estrada de Meira a Ribadeo, en Xudán.



Restos dos mazos das ferrerías de Riotorto en Ferreiravella.

SERRA DE MEIRA

O cumo máis alto é o Meira, con 896 m. Ten unha vistas impresionantes sobre os cumes e o vales dos arredores.

Accedese pola estrada de Meira a Ribeira de Piquín.



Paxariños
(*Linaria triornithophora*)

Pedregal de Irimia, unha coada de bloques de cuarcita orixinados no desxeo da última glaciación do Cuaternario, hai de 18.000 a 13.000 anos. O rego que baixa polo medio del é unha das nacentes do Miño, que se xunta cos regatos Feás e Porto da Pena antes de Meira.



SERRA DO CORNO DO CERVO

O punto máis alto é a Cruz do Pito, con 849 m. As abas que dan ao río Rodil están ocupadas por carballeiras moi ben conservadas que forman parte do LIC "Carballido". Na igrexa de Carballido hai varios teixos centenarios.

Accedese desde A Ribeira de Piquín ou desde A Fonsagrada.



Bosque de Carballido, nas abas da serra do Corno de Cervo.

SERRA DE FOLLABAL


A máxima altura está en Penas Apañadas, con 1.203 m, desde o que se domina unha ampla panorámica sobre as serras orientais, desde o Pousadoiro ata os Ancares.

Accédese pola estrada de Fonsagrada a Asturias e Negueira de Muñiz.



Crista de cuarcita.

Seimeira de Vilagocende, un salto de máis de 50 sobre un saínte de cuarcitas. Na serra de Follabal tamén se atopan seimeiras (fervenzas) en Queixoiro.



SERRA DE URÍA

O seu punto máis alto é o Busbeirón, con 1.286 m. Para acceder a ela hai que cruzar o encoro do Navia desde Negueira de Muñiz.



Vista do encoro de Grandas de Salime, coa Serra de Uría.

Adela Leiro
Mon Daporta

SERRA DA LASTRA

A máxima altura é O Padornelo, con 958 m. Nos cumes hai interesantes formacións de cuarcita.

Accedese desde A Lastra, na estrada Baleira-Fonsagrada.



MONTE DA MARRONDA

Destaca polas fragas autóctonas situadas na aba leste, onde se poden atopar unha gran diversidade de flora e fauna entre as que sobresaen as faias.

Esta declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposta para a Rede Natura 2.000.

Accedese desde a estrada de Baleira a Meira, en A Braña, ou pola estrada que vai a Ribeira de Piquín.



Faiucos
(froitos de faia)

